

**DECRETO NÚMERO 1260/2010 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE PERSOAL Ó SERVIZO DA CORPORACIÓN, DICTADAS POLO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DE ÁREA.**

**Ilmo.Sr.don JOSÉ RÁBADE ARIAS, Tte. de Alcalde Delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade.**  
**Lugo, quince de novembro de dous mil dez.**

Vistas as manifestacións efectuadas por dona Mª del Carmen Neira Vieto nas que fai constar que non pode formar parte do Tribunal do proceso selectivo para a cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10 do Estatuto Básico do Empregado Público, de prazas de Axudante/a Cociña-Limpeza, por ter relación de parentesco con un dos aspirantes.

En virtude das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local polo artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e acordos de dito órgano de goberno, de delegación de atribucións, números 1/877 e 3/533, de datas do 18-10-2004 e do 20-6-2007, respectivamente, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aceptar a abstención de dona María del Carmen Neira Vieto como presidente suplente do Tribunal do proceso selectivo para a cobertura interina, nos supostos previstos no artigo 10 do Estatuto Básico do Empregado Público, de prazas de Axudante/a Cociña-Limpeza e proceder a unha nova designación nominal do Tribunal Cualificador do citado proceso selectivo, o cal estará constituído polos seguintes membros:

Presidente:

- Dona María Jesús López Vázquez, Xefa de Servizo de Servizos Sociais do Concello de Lugo.  
Suplente: Don Valentín López Aira, Psicólogo do Concello de Lugo.

Vogais:

- Dona Remedios Martínez Rodil, Encargada do Fogar do Transeúnte do Concello de Lugo.  
Suplente: Dona Mª Fe Ozores Folgueira, Oficial cociñeira do Concello de Lugo.
- Dona Elena Sánchez Picado, Traballadora social (Xefa de Sección) do Concello de Lugo.  
Suplente: Dona Ana Rosa Pérez García, Traballadora Social (Adxunta de Sección) do Concello de Lugo.

**PERSOAL**

MLP/egp

Refª: 10drmodtribaxudantecoclimpeza.doc

Asunto: Modificación tribunal

- Dona Montserrat Romero Lorenzo, Axudante de Cociña e Limpeza do Concello de Lugo.

Suplente: Dona Ana María Cobas Vilanova, Axudante de Cociña e Limpeza do Concello de Lugo.

Secretaria: Dona Carmen María Torre Abuín, Técnico de Xestión do Concello de Lugo.

- Suplente: Dona M<sup>a</sup> Isabel Lagares Mosquera, Administrativo do Concello de Lugo.

**Segundo.-** Que se proceda á publicación da presente resolución no Taboleiro de anuncios municipal, coa indicación de que contra ela poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), ante o xulgado do contencioso administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) de Lugo, ou, a elección do demandante, ante aquel na circunscrición do cal teña o demandante o seu domicilio, cando o recurso teña por obxecto actos de materia de persoal, propiedades especiais e sancións (artigo 14 da Lei 19/1998, do 13 de xullo). Malia o anterior, e con carácter previo, contra a presente resolución poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso ou reclamación que estimen conveniente ó seu dereito.

Cúmprase.